
**ASUNTO: TOMA DE POSESIÓN DE FRANCISCO JAVIER MÉNDEZ BARRIO COMO
POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE MELIDE**

Por Resolución da Alcaldía núm. 694/2024 de data 24/10/2024 e asunto: "TOMA DE POSESIÓN DE FRANCISCO JAVIER MÉNDEZ BARRIO COMO POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE MELIDE", acordouse o seguinte:

"Primeiro: De conformidade co disposto na Resolución do 2 de outubro de 2024 pola que se fai pública a adxudicación de destinos obxecto do proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocado mediante Orde do 31 de maio (DOG Núm. 114, do 13 de xuño), pola que se adxudica o posto de **policía local** neste municipio de Melide, a **Francisco Javier Méndez Barrio con DNI nº ***7512****, e producido o CESE no concello de orixe o día 15 de outubro do 2024, debe procederse a TOMA DE POSESIÓN no Concello de Melide no posto de policía local da escala de administración especial, subescala de servizos especiais, Escala: Básica; clase: policía local, grupo C, subgrupo C1, nivel 22, no prazo dos dez días seguintes á data de cese no Concello de orixe conforme co disposto na base 10.3 da convocatoria, segundo se indica na meritada Resolución do 2 de outubro de 2024.

Segundo: En canto a situación administrativa, de conformidade co artigo 43.7 da Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais, o persoal funcionario que ocupe prazas ofertadas por mobilidade horizontal quedará na súa administración de orixe na situación de servizos noutras administracións públicas.

Conforme ao artigo 171.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, relativo aos efectos e reingreso ao servizo activo do persoal funcionario de carreira na situación de servizo noutras administracións públicas este persoal réxese pola lexislación da administración na que estea destinado de forma efectiva, pero conserva a súa condición de persoal funcionario da Administración de orixe (...)"

Melide, 29 de outubro de 2024

Asdo: o alcalde / José Manuel Pérez Penas